

10 MAI 2018

ENTRADA Nº
 Saída Nº: 1413

DECRETO NÚM.:

ASUNTO:
 CONVOCATORIA CONCELLO PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE

Motivación celebración sesión extraordinaria e urxente: Resultando necesario o pronunciamiento do Pleno do Concello sobre o Convenio de colaboración para a xestión compartida-agrupacións de concellos do servizo de atención temperá no marco da Rede galega (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá) e finalizando o prazo para solicitar á Consellería de Política Social a subvención para a prestación de dito servizo o 14/05/2018, é polo que non pode esperar a estudarse na próxima sesión ordinaria da Corporación municipal.

Á vista do anterior, enterado da relación de expedientes e vistos os artigos 77 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF), e demais lexislación concordante,

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a SESIÓN EXTRAORDINARIA e URXENTE do CONCELLO PLENO o día 11 DE MAIO DE 2018 (VENRES), ás 09:30 horas (NOVE E MEDIA DA MAÑÁ), en primeira convocatoria, a celebrar no SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1	RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN
2	APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (DECRETO 183/2013, DO 5 DE DECEMBRO, POLO QUE SE CREA A REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ) E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE MARZO DE 2018, PUBLICADA NO DOG Nº 72, VENRES 13 DE ABRIL DE 2018, POLA QUE SE ESTABRECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, COFINANCIADAS POLO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020), E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2018 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO BS700A)

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito por correo electrónico :

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	
FRANCISCO JOSÉ AMEIJERAS ALVAREZ	TEGA	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL DATA E SINATURA:
MIGUEL CAAMAÑO ESPASANDIN	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	CONVOCATORIA REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL DATA E SINATURA:
SILVIA CANCELA BLANCO	TEGA	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO
MARÍA ESTHER ESPASANDÍN TURNES	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO

JAVIER FACAL CALVO	TEGA	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO
JOSÉ GARCÍA SUÁREZ	PP	CORREO ELECTRÓNICO NON FACILITADO. NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL DATA E SINATURA:
MARÍA ISABEL GESTO GESTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO
JUAN CARLOS PÈREZ GERPE	PP	CORREO ELECTRÓNICO NON FACILITADO. NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL DATA E SINATURA:
JOSÉ POSE PAZOS	PP	CORREO ELECTRÓNICO NON FACILITADO. NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL DATA E SINATURA:
MARIA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL DATA E SINATURA:
JOSÉ ANTONIO UCHA VELO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL DATA E SINATURA:
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO FACILITADO

RECURSOS:

O que notifico a vostede, en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba,
A alcaldesa

Mª Josefa Pose Rodríguez